# IRMANAMENTO, CONCELLO DE PONTECESO-AVINTES

## ACTUACIÓNS PREVISTAS NO 2008

Tras unha reunión entre técnicos de cultura, deportes e turismo, de ambos municipios, o Concello de Avintes e o Concello de Ponteceso deciden reforzar os seus lazos de irmandamento mediante as siguintes actuacións, previstas para este ano:

1. Inauguración da Rúa Ponteceso en Avintes. 30 de Agosto de 2008.
2. Intercambio xuvenil con 50 rapaces do noso Concello, que visitarán Avintes durante 3 días.
3. O Ponteceso C.F xogará o Trofeo do Irmandamento en Avintes o mes de Agosto. Dito torneo celebrarase alternativamente en Avintes e Ponteceso e irán rotando os dous equipos do Concello: Corme C.F e Ponteceso C.F.
4. Colocación dun Stand Turístico do Concello de Ponteceso na Festa da Broa que se celebrará os vindeiros días 30, 31 de Agosto e 1 e 2 de Setembro..
5. O Concello de Avintes participará co seu grupo de teatro no XV Ciclo de Teatro do Concello de Ponteceso.
6. A Banda de Música Municipal de Avintes participará este verán en algún evento festivo do Concello.
7. O Concello de Avintes colocará un stand turístico no noso Concello durante a Festa do Percebe do Roncudo, o vindeiro mes de Xullo.